

ANEXO
Os Blancos-Escudo



Decreto 178/2008, do 17 de xullo, polo que se aproba a bandeira do Concello de Foz (Lugo).

O Concello de Foz considerou conveniente organizar correctamente a súa bandeira municipal para perpetuala con simboloxía adecuada e conforme as normas de heráldica. Para iso, e de acordo coas facultades que lle confiren as disposicións legais vixentes, elevou o informe histórico-heráldico, coa correspondente proposta de representación gráfica do emblema, para a súa aprobación definitiva.

A competencia exclusiva en materia de adopción, modificación ou rehabilitación dos emblemas heráldicos e bandeiras dos concellos e doutras entidades locais, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, segundo o disposto polo artigo 27.2º do Estatuto de autonomía de Galicia.

O expediente tramitouse conforme as normas de procedemento establecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro; e mais no Decreto 369/1998, do 10 de decembro, polo que se regula a composición e funcións da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 73/2006, do 20 de abril.

Na súa virtude, visto o informe emitido pola Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia e por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezanove de xullo de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo único.

Aprobar a bandeira do Concello de Foz, que figura como anexo, organizada do seguinte xeito:


Tres franxas horizontais de azul, branco e de verde; a de branco do dobre tamaño que as outras dúas, cunha fragata de azul coas velas despregadas.

Santiago de Compostela, dezasete de xullo de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO
Foz-Bandeira



Resolución do 12 de agosto de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se modifica a do 13 de maio, pola que se establece unha convocatoria de listas de formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia, promovidas por esta secretaría xeral.

Mediante Resolución do 13 de maio de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración (DOG nº 96, do 20 de maio), esta secretaría xeral convocou unha lista de formadores colaboradores para impartir seminarios fóra de Galicia.

Realizada a baremación provisional de acordo co establecido no artigo 5.3º do anexo I e analizadas as reclamacións presentadas á publicación das listas provisionais, conséntase que os criterios de desempate establecidos no artigo 7º do mesmo anexo son insuficientes para desfacer os empates producidos.

De acordo co anterior, e en virtude das atribucións legalmente conferidas, a Secretaría Xeral de Emigración resolve:

Modificar o parágrafo segundo do artigo 7.3º, que queda redactado como segue:

No caso de empate entre dous ou máis candidatos, daráselle prioridade a quen obteña unha maior puntuación segundo a orde establecida de baremación nesta resolución.

No caso de que o empate persista, desfarase pola orde alfabética dos apelidos dos solicitantes, empezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra V, segundo o sorteo que tivo lugar en cumprimento do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo resultado foi feito público por Resolución do 29 de xaneiro de 2008 (DOG nº 25, do 5 de febreiro)

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2008.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 17 de xullo de 2008 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro privado Altagracia, do concello de Cangas, para impartir os ciclos formativos de grao superior de desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción, o de animación turística e o de información e comercialización turísticas.

Examinado o expediente iniciado por Alfredo Iglesias Santos en que solicita autorización para a apertura e o funcionamento do centro privado Altagracia, para impartir os ciclos formativos de grao superior de desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción, o de animación turística e o de información e comercialización turísticas.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria de Pontevedra, que o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; o Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo; o Real decreto 777/1998, do 30 de abril, polo que se desenvolven determinados aspectos da ordenación da formación profesional no ámbito do sistema educativo; o Decreto 296/1999, do 21 de outubro, polo que se desenvolven determinados aspectos dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 133/1995, do 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias; a Orde do 20 de setembro de 1995 que desenvolve este decreto e a Orde do 21 de decembro de 1999 pola que se regulan determinados aspectos relativos a autorización de centros privados exclusivos de formación profesional específica, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar a apertura e o funcionamento do centro privado Altagracia, do concello de Cangas, para impartir os ciclos formativos de grao superior de desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción, o de animación turística e o de información e comercialización turísticas, segundo os datos que se especifican no anexo.

Segundo.-Antes da posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, despois do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado.

Terceiro.-Este centro queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria